

PREGÓN

SAN XOÁN

por Jorge Mira Pérez

Carballo, a 21 de xuño de 2018

Sr. Alcalde, Sra. Presidenta e membros da comisión de festas, miñas donas, meus señores:

Doulles as grazas por me daren a oportunidade de contarlles o importante que foi Carballo para multitude de persoas da miña xeración que non somos de aquí.

Explícome. Nacín en Baio, nunha casa coma tantas do medio rural galego, nas que ata a primeira metade dos anos 70 os nenos nos bañábamnos só o sábado á noite para ir á misa o domingo. Bañabamonos nun balde das vacas, con auga que se quentaba no pote.

Para os que non superen certa idade, teño que dicirlles que o pote era un recipiente –que agora está de decorado en moitos xardíns- máis ou menos esférico e apoiado en tres curtas patas, para prenderlle unha cachela xusto debaixo. Si, naquelas épocas facíanse cachelas diariamente dentro de moitas casas. Viña sendo coma o quentador da auga de agora, pero este era de cor negra e non branca, nin ía con

gas ou electricidade. Digamos que era outro tipo de termodinámica, moi semellante á que había na Idade Media, un tempo que en Galicia durou en moitas máis cousas das que credes ata a segunda metade do século XX.

O váter estaba na corte das vacas, unha habitación que case todas as casas tiñan reservada para eses animais, que eran como da familia. Esas habitacións das vacas (hoxe convertidas en salóns) en vez de alfombras estaban estradas de toxos e estaban colocadas debaixo das habitacións da xente, para aproveita-la calor animal. Outro recurso termodinámico. Ás veces o váter tamén estaba na leira de fóra, entre as verzas... bueno, cando estas medraran xa un pouquiño e tiñan altura dabondo para taparte e que non te visen da carretera.

Hai corenta e pico anos eu estáballes así... e hai tres semanas estaba cun Premio Nobel de Medicina falando das bases moleculares do Alzhéimer, e a semana pasada co Premio Nobel de Economía que descubriu iso dos ciclos económicos e deu as bases do actual Banco Central Europeo... Hai corenta e pico anos estaba no balde das vacas e hoxe estou aquí, subido ao palco dunha festa colosal ante a que sempre sentín asombro polo seu tamaño.

Esta observación non é miña, é de miña nai: facíaa hai tan só uns días, canto soubo que me convidaran aquí. Ela ve ese salto do balde das vacas ao pregón de Carballo como unha imaxe simbólica da mellora social que tivemos os nenos dos anos 70 grazas ao sistema público de educación da época.

E aquí é onde reside a miña débeda con Carballo, que se cruzou na miña vida no momento no que medraba academicamente e tamén de corpo.

Rematei a EGB en 1982, e daquela non había instituto en Baio. Nin en ningún lugar entre A Coruña e Cee, agás en Carballo, onde estaba o Instituto de Bacharelato Alfredo Brañas. Para os rapaces de boas notas de Baio existía a opción de ir interno para A Coruña ou Santiago, ou quedar na casa...

Pero había unha terceira vía exótica: coller o autobús de liña, de Transportes Finisterre, en torno ás 8. Tras unha penosa viaxe con multitude de paradas, chegaba algo antes das 9 a cerca da estación vella, e a correr para arriba. Para a volta, collía o Finisterre que viña da Coruña, pasaba por Carballo ás 7 e pico da tarde, e chegaba a Baio pasadas as 8. Entre que chegabas esfameado, desenpaquetabas as cousas, e ao día seguinte te levantabas ás 7.26 (si, exactamente a esa hora), calculen o tempo que me

quedaba para estudar e deberes... Grazas a esa voráxine Carballo ensinome como sacarlle partido ao máximo.

Ese era o día dun cativo de 13 anos que nunca saíra da casa, e que agora se vía ante unha epopea que lle evocaba a de Marco na súa viaxe dos Apeninos aos Andes. Canta sorte teñen os adolescentes de agora, e o malo é que non se decatan.

Con diferentes matices, a situación foi máis ou menos análoga para a rapazada de Laracha, de Malpica, de Corme, de Ponteceso...

Eses rapaces puidemos ter sorte, e que nos tocasse un mal sitio... pero tivemos moita sorte e tocounos Carballo, cunha xeración de xente capaz, profesores capaces, de cultura do esforzo e con todo por descubrir. Había xente aberta e pechada, novos acentos, novas formas de relacionarse con persoas que hoxe en día, malia as comunicacións, están a unha infinidade de distancia. Grazas ao Alfredo Brañas, un de Baio podía confraternizar cunha de Laracha. Hoxe en día iso xa non ocorre...

Aquel Carballo dos anos 80 era o noso Facebook, o noso Instagram. Nada do que veu despois foi mellor rede social.

Recordo a sensación de vertixe e estremecemento do primeiro día, no salón de actos do instituto, que me pareceu tan inmenso como a Scala de Milán a un corista en prácticas.

Había algo así como 8 grupos de 1º de BUP, con corenta e pico alumnos por clase. O instituto debía ter arredor dun milleiro de alumnos, posiblemente fose dos máis grandes de Galicia.

Xa entrados no curso, medíronnos na clase de ximnasia. Daquela medía 1.59 e pesaba 47 kg. Era o segundo neno máis pequeno da clase. O máis pequeno, 1 cm máis pequeno, era de Rus, e foi un dos meus primeiros amigos alí e sentámonos xuntos.

O primeiro carballés ante o que quedei admirado foi o meu compañeiro desa clase de 1º Xosé Buño, coa súa máquina de Braille e hoxe xefazo da ONCE.

Tamén me empecei a fixar nas rapazas, algo que non me ocorrera demasiado na escola (claro, un florece cando florece...). Daquel curso recordo a unha chamada Ana, que era filla dun Policía Nacional.

Que curiosa a evolución das hormonas co paso dos cursos.... En 2º quedei deslumbrado ante a beleza dunha

rapaza chamada Clara, que mira ti por onde, era irmá do meu amigo de Rus, aquel de 1.58. Por certo, non volvín saber dela... se estás aquí agora será un pracer saudarte (morbo de científico). E se non está, por favor que lle chegue, que alguén lle diga que me lembrei dela.

En 3º de BUP, xa na fase central da puberdade, lembro moi ben que me gustaba Carmen Castro, hoxe técnica de cultura de aquí. Tamén o moito que me molaba Marita da Laracha (que pena que tivese mozo), a cercanía con Ana Vázquez...

Que dicir dos profesores. Ao chegar a 1º estaba Carlos Puga, que me daba inglés e me flipaba co seu estilazo. Daba Bioloxía Elvira Cienfuegos, que anos máis tarde acabou de concelleira en Santiago. En 1983 ela foi a primeira en falarme da capa de ozono, e do mal que lle sentaban os sprays. Cousas da vida, vintepico anos despois tiven o honor de convidar a Galicia ao científico inglés que descubrira ese perigo, un feito que derivou no Premio Nobel de Química de 1995 e que, sobre todo, levou aos gobernos do mundo ao Protocolo de Montreal, que prohibiu ese compoñente dos sprays e salvou literalmente o planeta en 1987. Como se poderán imaxinar, na miña primeira cea con esa eminencia xa lle falei do nivelazo educativo de Carballo, e como Dona Elvira xa me contara o dos sprays aos meus 14 anos.

Alí tamén estaba José María de la Viña Varela, que tantas vocacións científicas axudou a perfilar. Despois de rematar a clase de Física e Química de 2º ás 6 e media da tarde, quedábase comigo un cacho para seguir discutindo contidos da clase. O curioso é que, co tempo, na Facultade de Física da Universidade de Santiago seguín recibindo alumnos do Brañas e todos eles lle profesaban cariño. Por certo, cando penso no Carballo daquela época, o reloxo do concello e José María de la Viña sonme das poucas referencias carballesas polas que parece que non pasou o tempo, porque apenas cambiaron os dous.

Porque o resto si cambiou. Hoxe Carballo é o 5º núcleo urbano máis poboado de Galicia, despois das tres cidades e Narón, e daquela debía ser igual. Pero o que xa non é igual son os barrios, que ía coñecendo nos momentos da sobremesa cando só os coñecían os propios do barrio, da Milagrosa ao Chorís, do San Cristovo á Cristina. Facíao co grupo da zona de Baio, xente que se curtiu en circunstancias parecidas, coma o xornalista Santiago Garrido, que seguro que subscribiría estas palabras.

Eses rapaces de fóra tamén descubrimos o río, que creo que para os de aquí aínda non existía moito, porque parece que foi descuberto anos máis tarde.

Carballese e festeiros: o momento do San Xoán é unha boa ocasión para descubri-los múltiples matices desta vila. Xa levades un par de fins de semana de prefesta, pero agora tedes que aproveita-la parte forte. Como dirían os organizadores do FIOT: a vida é coma unha obra de teatro, pero para a que non hai ensaio nin segundas oportunidades unha vez que se baixa o telón.

Tedes a festa colocada de marabilla no calendario: xusto no inicio do verán, o día máis longo do ano, con 15 h e 21 minutos de luz. O sol poñerese ás 22:18, pero é que a última luz crepuscular non se irá ata as 0:36. O bonito ademais é que o primeiro crepúsculo de mañá será ás 4:39, co cal a noite absoluta de hoxe só durará 4 horas! Este é un dos días nos que apetecería poñerse no cumio dos depósitos de auga de lado do Instituto Alfredo Brañas, que son coma o Everest de aquí, para contemplar esta vila na súa totalidade co maior brillo solar do ano e darlle o abrazo que se merece. **Vivan os días con luz!**

Viva San Xoán!

Viva Carballo!

Moitas grazas! Foi todo un honor e un pracer!

Sorte e saúde a todos!

Non rompades nada na festa!

Jorge Mira Pérez
Carballo, festa de San Xoán
21 de xuño de 2018